


Espertar e deitarse máis tarde ca o sol, andar na bici, xogar na praia, embadurnarse de xeados e sandías, sacar brillo aos parques, disfrutar das amizades, papases, mamases, avós, avoas, ti@s, curmáns/ns, pasear ás amizades de 4 patas, millor ás gatunas non que se pasean soas... e un anaquiño diario para voar sen esnafrate, sen parapente, globo nin avión; un anaquiño de relax que podes compartir na cama, na herba, no sofá, na area, na túa árbore favorita. Sen compromisos, sen obrigas, só polo pracer de saborear cada verba, cada ilustración, cada imaxe que as túas neuronas (nunca collen vacacións) dibuxarán na túa cabeza asoleada. Cada día, un anaquiño de LECTURA. Pídete un libro por aprobar. Para aprobar. Visita a Biblioteca Municipal. Intercambia libros cos/as amig@s. Pídelles a alguén que te lea. Lelle ti a alguén...

No verán,



Coma sempre...



un bo

libro

e unhas lectoras

vacacións.

<http://www.pinterest.com/micabigotes/>

<http://contosebigotes.blogspot.com.es/>

<https://www.facebook.com/pages/Mica-Bigotes/453006128117356>

DENDE A
BIBLIOTECA
"PAULA
CARBALLEIRA"



Edward Gorey Enterprises, Inc.
E. Gorey

PRELECTOR@S:

PENSANDO
NESTE VERÁN
DE 2015...

...que tod@s pensades
disfrutar ...



© Beth Wilson 2013

... o rato gordecho e máis eu saímos buscar o millor alimento fresquiño e saboroso para que as vosas neuronas non só naden na praia:

LECTURA!!!

• Os animais da xungla e da sabana

Baía: Toca, toca.

Suaaaaves,
rugooosos,
animais salvaxes
para coñecer,
tocar e...escoitar!!!



- **Osos** - R. Krauss, M. Sendak - Kalandraka: Unha chea de osos persegue ao cadeliño que, ciumento, rouboulle o oso de peluche ao neno cando ía á cama.



• O avó de Zulaimar - J.C. Méndez -

OQO: Desexa ter un, coma as súas amigas e, coma non queren deixarlle os seus, constrúe o seu propio avó co que ten a man. Unha historia chea de dozura e imaxinación.



- **O abecedario - Ovillan - A Mesa:** A ferramenta máis precisa para ler por ti mism@. Pronto aprenderás todas estas letras.



<http://issuu.com/amesapolanormalizacionlinguistica/docs/>



- **A mellor sopa do mundo - S. Isern-OQO:** Vai moito frío e neva. Tartaruga empeza a preparar unha sopa quentiña. Cada animalíño que vai chegando trae o seu ingrediente. Que tal saberá?

- **Os ratos da casa - Oli-OQO:** Rima, ritmo e humor nesta historia dunha familia ratuna que, no solpor, sae de viaxe dende o monte ata a casa.



- **Cor animal - A. Agra e M. Hanish-Factoría K:** Para que coñezas un feixe de animais de todo o mundo.



- **Xente miúda, moita fartura - Pablo Díaz:**

Para escoitar,
a p r e n d e r ,
cantar...dende
golfinhos e insectos ata
a crema de verduras.

